



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2024

MARÍA CASAR

**ROTEIRO LUISA VILLALTA
A CIDADE: LÍMITE EXTERIOR DAS OBSESIÓNS**

Roteiro LUÍSA VILLALTA

A CIDADE: LÍMITE EXTERIOR DAS OBSESIÓNS

“escoito a voz
que me silencia
comezo a expresar
o necesario”

Palabras ingravidas. Luísa Villalta

A poeta escribe en *En Concreto*: **“Mírame, mírate, mírame en ti / escólleme para soñarte”**. Ela escolleu a cidade como material poético e diríxese á Cidade para pedirlle directamente que a escolla a ela, muller-pobo, para conferirlle a dimensión de utópica realidade fincada na historia dándolle voz ás camadas sociais que carecen dela. En Luísa alenta a necesidade de procurar a beleza da dignidade que historicamente acompaña ao noso pobo.

Percorrer a cidade lendo os seus poemas lévanos a recoñecérmonos na cidade sen elites. Mais a Cidade tamén é universal. Como noutras cidades, nesta está o que nos van roubando desa pel construída arquitectónica e paisaxisticamente que reconstrúe e deforma os lugares até que perde a memoria do que foi e do que somos. A perda do político, do histórico, do vivencial, dos sinais do que foi cotiá e as emocións, os desexos, as angueiras dos habitantes e dos espazos. Iso é tamén a reivindicación dunha poeta que se resiste a que perdamos a esencia que nos fai ser quen somos.

A poeta escoita “a voz que me silencia” e “comezo a expresar o necesario”. Nestes versos temos as claves da indagación literaria de Luísa Villalta: a voz e o silencio resoan na súa procura das interseccións e cruzamentos entre a poesía e a música; a expresión do necesario abre o espazo da paixón reflexiva na que se sustenta a súa obra. Así nos explica Ana Romani como achegarnos aos versos de Luísa.

A música que foi ocupación primordial na mocidade da poeta, que foi o tema dos seus primeiros artigos e o núcleo de reflexións ensaísticas, será tamén o eixo que articule a obra literaria de Luísa. Nos anos 80 arredor dos encontros literarios e musicais na casa de Francisco Pillado e Manuela Vega xermolan as primeiras publicacións de Luísa: *Concerto para un home só*, *Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* e *Teoría de xogos* e o seu primeiro libro de poemas: *Música reservada*.

A poesía é palabra melódica, escribe no prólogo de *Música reservada* e a palabra melódica é “un camiño ao coñecemento”. Pilar Pallarés afirma que “no contexto da poesía dos oitenta, década de creación dos poemas que conforman *Música reservada*,

e mesmo na poesía galega de maneira global, a de Luísa Villalta é cando menos “rara”, por diferente e por infrecuente. Éo pola súa dependencia da música, por ser “poesía de pensamento” e polo seu “carácter de abstracción”.

A década dos noventa é unha época de mudanzas mesmo no persoal e a música, polo menos no seu estudo e execución, deixa de ocupar o centro “unha cadencia rota” e afirma “mentres poda pensar e amar o que penso persistirá a paixón creadora”... e chega **Ruído** (1995) e Luísa párase a escoitar o “ensurdecido vértigo” dun “corazón que galopa o seu ritmo” O libro anuncia un cambio que, anos despois explicará na súa *Poética da concreción*: “Baixei os sonidos ao silencio da necesidade e púxenme a escoitar” A poeta crea unha obra diferente a partires da atención ao cotián, a escoita, a comprensión. O camiño ao coñecemento de *Música reservada* convértese na resonancia dun tambor “o rito da palabra tensa a pel do mundo” e a poeta escribe: “Isto é tamén unha muller que resiste”, igual que resiste o pobo que nos sustenta. E todo muda cara a algo diferente, “a poesía é ruído provocado” a voz explora a disonancia. De Bach a Schönberg. No penúltimo poema de *Ruído* Luísa lévanos pola cidade nun camiñar cara a fóra que en *En concreto* se tornará exploración consciente.

En *As chaves do tempo* de 2001 a poeta mira ao futuro cos materiais da memoria coa intención de “abrir ao futuro o reino que un día perdemos”. Luísa baixa os chanzos desa escada metafórica que a mantiña nunha elevada posición para fincarse no chan, rente dos habitantes do común para camiñar á par e reconstruír a historia, traela ao presente para que dea acubillo ás reivindicacións solidarias necesarias para a construción dunha sociedade máis xusta na que todas as capas socioeconómicas teñan o seu lugar.

Luísa Villalta deixounos dito nas súas autopoéticas como evoluciona a súa poesía. En *Sobre un certo estado de conciencia* (2000) manifesta a importancia que ten a forma: “O estado de conciencia a que me refiro parte en min da interpretación musical (...). A melodía que soa no violino xorde dun acto continuo de vontade... e desta mesma vontade nace a palabra”. En *Poética da concreción* a poeta é outra: “Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós ás palabras que me permitisen baixar aos camiños”.

As interconexións na obra de Luísa son moitas e as pescudas en vías anovadas tamén. A súa inqueda polo coñecemento, por afondar nos temas e unha enorme transversalidade fan dela unha poeta que nos obriga como lectoras a seguir as vías do seu saber. Luísa ensaia novas fórmulas e relaciona a palabra coa música e tamén co visual. Algo que vemos na plaquette *Rota ao interior do ollo*, na que conxuga o xogo co multipalíndromo formado polas palabras latinas: Sator, Arepo, Tenet, Opera, Rotas, co seu interese pola dimensión visual do poema que estuda en debuxos e caligrafías. Máis adiante en *En Concreto* os poemas Obelisco e Torre/reto tamén debuxarán arquitecturas de palabras nas follas do libro da cidade.

A autora atende ás temáticas, á dimensión rítmica e sonora do poema e tamén á visual e traza os contornos do poético máis alá da páxina do libro: traballa a dicción e vibración do propio texto e resolve en poesía visual formulacións dunha orixinalidade que reflicten a súa visión totalizadora do poema. En Luísa o poema é palabra, é son, silencio ou ruído e tamén é imaxe.

Ao mesmo tempo o poema é o reflexo dunha muller que resiste e “faga o que faga algo me lembra sempre que son unha muller” e advírtenos do perigo de reutilización da mensaxe feminista para “mudar o necesario para que nada mude” e da necesidade de non sermos conformistas con nós mesmas e involucrármonos en terreos inhabituais apelando á “imensidade do espacio que temos para voar”.

No IV Congreso da AELG de 2001, Luísa, en “Da épica ao publicismo”, advírtenos de que *“debemos detectar e desafiar o cada vez maior control que intenta poñer couto á liberdade de expresión, tanto polo procedemento do silenciamento directo como pola banalización e minimización tendente a neutralizar os discursos tanto éticos como literarios que afrentan ese control”*. Segue a ser necesaria esa advertencia e os tentáculos do poder son máis fortes dúas décadas despois.

As publicacións periódicas permiten a Luísa Villalta abordar a actualidade e expor as súas opinións. *Agália, Man Común, Festa da palabra silenciada, Grial, Luzes de Galiza, A Trabe de Ouro, Páxina aberta, Mundo Lusófono* e, sobre todo, a columna en *A Nosa Terra* dannos a voz de Luísa sobre múltiples temas. Nesas columnas a poeta propón o debate, alimenta a necesidade de intervención e estimula a crítica reflexiva. Luísa implícase, forma parte, toma partido, crea opinión co ánimo dun pensar (escuro) colectivo máis aló do inmediato. Esas columnas que, aínda hoxe, son un ensaio de lucidez e capacidade de análise para detectar os problemas que arrastramos: perda de falantes, crises económicas que afectan aos de sempre, falta de medios de comunicación en galego, necesidade de preservar o noso medio natural....

O posicionamento de Luísa no social e no político é un desafío ás normas burguesas. Luísa alíñase e defende as súas posicións. As certezas, seguras, están nos seus pasos e nas súas palabras:

“Se toda a nosa historia fose así, un construír, máis que un acumular, fragmentar e derrubar, se cada unha das nosas actuacións fosen un contínuo cimentar máis que un utilizar e desgastar, gozaríamos da vida nun país seguro de si mesmo, acolledor, criativo e seguro.”

E dentro do modo de actuación de Luísa está o “estar”, colaborar con aquelas asociacións civís que o necesitan, apoiar e facer.

Luísa é a poeta que non se exclúe e forma parte.

O roteiro Luísa Villalta escríbese cos pasos no chan da súa cidade e os ollos nos seus versos. *En concreto* e o *Papagaio* son un retrato da Cidade, da non-Cidade, a volta da folla da cidade oficial, da postal que se ensina, e da que presume a oficialidade. Estamos ante a Cidade máis invisible, a das marxes, a dos desposuídos, a da memoria, a dos habitantes do común, ese “asentamento dos pasos arredor da mente... **límite exterior das obsesións** ...achegamento dos abismos... mar detido contra os cons do corazón”. Un espazo social, da memoria e do presente. Un espazo da vida e de reflexión, da beleza do cotiá, o rumor do construto histórico e o efémero devalo dos tempos. Unha cidade de profunda fermosura e mordida pola fereza especuladora. Neste territorio da razón habita tamén o alén, a Vida da man da Morte, e uns e outros comparten espazo cos tolos. O eu e os outros danzan nun xogo de procura de identidade e de alteridade. Os homes e mulleres actuais constrúen as súas vidas na Cidade, espellada na cidade dos mortos que é San Amaro. Esa Coruña non nomeada, recoñecible en sinais históricos e arquitectónicos, nos bailes do Gurugú ou nas mans de leiteiras e peixeiras, mans obreiras que constrúen a cidade con laboriosidade, humildade e esforzo. Nese espazo territorial xestiónase o tempo individual e colectivo dun modo único, mais recoñecíbel. A Cidade convértese en metáfora de calquera urbe e a poeta nun outro nós que repite a voz do pobo.

Seguindo os pasos da flanêuse percorremos a súa cidade **nun roteiro que consta de tres partes, e catro itinerarios:**

- Roteiro Periférico:

Vai seguindo os poemas de *En Concreto* que nos sitúan nos barrios. Co rural nos pés do urbano lemos a Cidade: Labañou, Peruleiro, Riazor, Monelos, AGrela, Os Mallos, A Gaiteira, Montealto, Outeiro, As Flores, Bens, Durmideiras, Visma, as rúas altas e novas e a Rata, as Ánimas e San Amaro cartografando a memoria. Luísa Villalta amósanos o que se atopa nas marxes da cidade, os espazos que constrúen o núcleo poboacional no que esta se insire.

A poeta retrata a cidade da posmodernidade integrando os arrabaldes e os grupos sociais vindos dende o rural. Eses novos habitantes que alimentan poboacionalmente a Cidade e que se asentán sobre todo nos barrios, nas extremas, nos cadullos que a Cidade lles asigna aos recién chegados. En moitos casos son espazos situados nas zonas de acceso á cidade dende os lugares de procedencia.

“Os nomes ansían (re)coñecerense en nós para regresar aos conceptos e vivir no futuro”, di Luísa.

- Roteiro Marítimo:

Dende **Visma** e o Portiño dos delatados na noite do 3 ao 4 de marzo de 1937 que escapaban da represión franquista pasando pola Praia das Furnas e a das Amoras, o illote, a illa do Pé (fronte á Casa dos Peixes), a Vaca, o Boi o Becerro e o Becerriño (ao pé da Torre), a Rabaleira, a Furna dos negros, as Forcadas e Macallás até chegar ao Gancho e á praia de San Amaro teríamos pasado pola Rata (e a memoria dos fusilados na Guerra Civil), as Durmideiras Punta Hermida, e chegaríamos á Torre de Animas (peirao de abrigo).

O mar é fundamental na propia concepción e demarcación xeográfica da Cidade: unha península aberta ao mar e aos ventos. Poboada dende tempos inmemoriais e con pegadas das diversas etapas históricas da Cidade e das lendas vinculadas á Torre, a Hércules, a Xerión ao santo Amaro.

Xunto cos ventos, as nubes conforman a cidade que Luísa retratou con precisión e coa minuciosidade dunha ourive que engarza peza a peza as partes dunha alfaia... esta cidade que agocha un reverso non tan fermoso.

- Roteiro Interior:

O percorrido transcorre dende o parque de merendas familiares de Santa Margarida, as camiñadas polo Camiño Novo (Juan Flórez) dende nena, a igrexa de Santa Lucía na praza de Lugo e chegaría até as ruelas cheas de patelas na Pescadería que achega o peixe dos mariñeiros ás rúas entrando polas portas da antiga muralla, Ares e Porta Real, que se salvan de converterse en elementos para a construción do Castelo de San Antón no século XVI.


Este itinerario débúxase cos nomes da Cidade que aparecen no Poema da Cidade Alta transitados por insultos, pelexas, disparos e bailes no Gurugú, aforcados en Santa Margarida, ecos das lavandeiras de Monelos e a voz dos avós. É un percorrido polas voces do pasado e acontecementos violentos que quedaron na memoria dos poboadores marcados a ferro.

-Roteiro Central:

Un paseo por espazos e elementos arquitectónicos emblemáticos da Cidade que Luísa Villalta poetizou en **En Concreto** e **Papagaio**. O territorio como xerme da creación.

A cidade tatuada na pétrea pel do mar, a Cidade do vento e do mar faise palabra e débúxase en ceos poboados de nubes fermosísimas. A cidade é azul mar, azul ceo, a Cidade é da cor da música que a anaina, da cor da tinta coa que Luísa a escribe.

A poeta re-constrúe a Cidade, o lugar mítico, o espazo de vida e de historia. E a música enche os baleiros.



Plano do roteiro

Puntos do percorrido do roteiro central: **A Cidade: Límite exterior das obsesións**

1. Estación
2. Xardíns (Méndez Núñez). Estatua Pardo Bazán.
3. Obelisco
4. Porta de Ares - Torre das Ánimas
5. Pazo Municipal
6. Papagaio
7. Asilo da rúa Adelaida Muro. Campo de Marte
8. Cemiterio de San Amaro
9. A Torre
10. A Rosa dos ventos

O ROTEIRO CENTRAL

O roteiro central pasea por lugares que Luísa identificou claramente nos poemas de **En concreto**, no título dos mesmos e no barrio do Papagaio que se converteu no libro **Papagaio**. Cada un dos poemas que acompañan as fotos de Maribel Longueira son olladas á xeografía emocional das mulleres que o habitaron. O barrio que foi destruído en 2001 pola obscena especulación amparada desde as institucións.

Punto 1: A ESTACIÓN sitúanos ante unha cidade onde os trens nunca pasan, só chegan ou saen. Unha estación en pedra, vidro e ferro de fundición. Unha estación término e, coma todas as que responden a esta tipoloxía con forma de U mirando ao punto do que procede, sen continuidade, sen destino.

“Por iso tamén somos nós

a nosa última estación

o noso amor definitivo.”

E só podemos “ser un anónimo fin/ou un glorioso comezo”.

Máis alá da cidade só o mar, a incerteza, o extremo, o abismo “o espello detido de nós” no que mirarnos e buscar o futuro.

No punto 2 temos os **Xardíns**, que conscientemente obvian o nome do mariño Méndez Núñez. Son o escenario dos xogos infantís da poeta baixo a ollada da colosal condesa de Marineda que anotaba os exercicios de raiba da poeta en tabela burguesa. Tamén están alí Curros, Concha Arenal, o edificio da Terraza e o Kiosko Alfonso que terán o seu correlato na vida de Luísa no edificio modernista da terraza de Sada....

A poeta fala

“dun pasado aínda presente futuro

nas leis mudas do público burgués

(nas pupilas o seu medo liberal

fabrica a idea horrorizada do horizonte)”

E fala tamén dos

“xardíns que organizan estratexias

para que a nena que aínda teño de chegar a ser

desconfíe dos lugares abertos

que non teñen saída.”

Fálanos Luísa da cidade que lle roubou espazos ao mar cun recheo no século XIX. A cidade que se re-edifica enriba de si mesma e das súas propias capas de vida.

Punto 3: O Obelisco

O poema é un caligrama. Luísa gostaba moito de xogar coas palabras e tamén coa súa disposición no verso. Tamén o fará no poema Torre.

Luísa Villalta, cre Eli Rios, debeu sentar algunha vez ao pé do Obelisco e gozar da visión dos viandantes apurados no seu apurado devir diario. Ela que adoraba, como ten lembrado a súa irmá Susana, o traxecto entre a súa casa e o colexio das Xosefinas escoitando os ruídos, as voces e o son da auga no lavadoiro polo que pasaban..... tiña un ouvido moi atento a ese ruído de vida no que decide mergullarse en *En Concreto*.

Aquí temos o obelisco:

“Por aquí pasan decote
os viandantes pontuais
mostrando a orgullosa hora
de candanseu obelisco interior”

Un obelisco que homenaxea ao deputado e ministro Linares Rivas e que marca a hora e o vento para os cidadáns. Un obelisco que emula ao da Praza da Concordia de París e que fixo escala na Coruña no barco que o levaba dende Exipto a Francia.

Na “Poética da concreción” (2003) Luísa danos as claves de *En Concreto* e *O Papagaio*: “Quixen traer a poesía ao chan e edificar a memoria da promisión de que falan os soñadores corazóns que me rodean na Historia. Procurei a concreción” para baixar aos camiños.

A poeta baixa ao chan para mesturarse cos habitantes e ser con eles un nós fortalecido.

Identifícase coa colectividade e así o di no poema que abre o libro: “Eu en nós/ sen nós/ eu”. Quen fala ten un obxectivo social e político de rescate e de construción dun país para o futuro. E faino coa aparente facilidade e a hábil destreza e mestría coa que tocaba unha Csarda de Monti na casa de Pancho Pillado.

A segunda sección de *En Concreto*, na que centramos esta parte do roteiro, leva o título de *Edificios* e sinala referentes arquitectónicos: Xardíns, Torre, Obelisco, Palacio Municipal, Torre das Ánimas, Estación, Asilo que seguimos cos pasos nas súas palabras.

Punto 4. Porta Real / Porta de Ares

Este é o lugar dunha das portas da antiga muralla da cidade. Sexa o nome unha referencia aos Ares Pardo das Mariñas que tiñan casa alí mesmo, sexa referencia aos “aires” os ventos que habitan e mandan na cidade ou sexa unha evolución dos “agri” latinos (porta dos agros) ou o destino a Porta Real que só existe para os buses urbanos....

No prólogo de *Ruído* Villalta coloca a natureza da poesía entre o ruído e o son:

...“é ruído porque, mentres a música se prolonga en ecos interminábeis abríndolle portas ao infinito, o ruído é por si mesmo un astro estourado”.

Ollándose, a muller-poeta faise Cidade, habítaa a ras de chan. Nese espazo caótico esta muller-ruptura, muller-resistencia, faise forte e busca a súa voz e a memoria colectiva no ruído da Cidade.

Case véndose dende aquí estaría a Torre das Ánimas

“un illó no que batían os desaparecidos cando miraban cara atrás

na derradeira fuxida da Cidade

polo mar fóra cara ao descoñecido sen fin.”

A torre das ánimas quedou mergullada na actual torre de vixilancia, oculta no Peirao de abrigo e os baixos do Pedrido. Lembra exilios, emigracións e navegantes:

“No lugar da torre medra agora a nai da mesma torre

volta a levantar sobre a súa propia ánima apresada

e segue a custodiar a sílaba do vento entre os espellos

da moitedume multiplicada pola morte

resucitada para a época no brazo utilitario da Cidade
que terma a un tempo do mar e de nós
na derradeira fuxida cara ao descoñecido final
outra vez amasado no cemento da época”.

Neste punto é necesario situar á nosa poeta dentro das accións civís que reivindican o ser da cidade fronte ás distintas agresións e feridas que penetran a dura pel da cidade e dos seus habitantes. Luísa Villalta alza a súa voz coma voz dos máis calados, dos que precisan da voz dos outros para convertérense nun NÓS poderoso.

Sendo alcalde da Coruña Francisco Vázquez decídese sacar os barcos de pesca do porto. Disfrazado dun mal entendido xeito de embelecer a cidade agochábanse outros intereses. Quitándolle o seu pasado mariñeiro, de traballo tamén en terra a Cidade sofre unha mudanza que doe. E os barcos de pesca, rebeldes, con cores e nomes de noso son substituídos por iates e barcos de recreo. Houbo contestación social e alí estaba Luísa fincando a protesta na memoria da cidade.

Porque a poeta é a Cidade e os seus pés están fincados na Pescadería e na lingua dos avós:

“O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín fronte de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos” (Poema da Cidade Alta)

5. Palacio Municipal

A Primeira parte de *En Concreto, Brasón*, xira arredor dos catro puntos cardinais e os ventos que dominan a Cidade “un proxecto sinfónico que se empeña na disonancia sen busca”: **habitar (cabeza)**, norte (bóreas), **monstros (garda)**, leste (euro), **iniciación (chave)**, oeste (céfiro), **espello (forza)**, sul (austro) e **cidade antiga (antemural)** do reino de Galiza. Títulos que aluden ao emblema da Cidade: “Moito nobre, e moito leal cidade da Coruña, cabeza, garda e chave, forza e antemural do reino de Galicia” á vista no Pazo Municipal e no final do libro.

Estamos ante un dos emblemas arquitectónicos da cidade. Interfaces da vida cotiá e da historia que estrelece entre as fírgoas de edificios, que saen e entran na vida do cidadán coa facilidade do coñecido.

O palacio Municipal convértese nun interior con escadas **“excesivamente altas para a idade da xente” “onde as paredes cheiran igual que billetes mexados”**.

Un espazo inútil para a maioría social porque:

“Cando o reloxo dea as últimas doce e levante o pleno do día

os acordos vitais ficarán como sempre

pendentes de tramitación”.

A poeta reivindica o lema da cidade para facelo bandeira. Porque o Palacio Municipal debía ser lugar da defensa dos intereses dos habitantes da cidade.

Luísa Villalta foi activista en moitas causas. E algunhas estaban moi ligadas á política cultural e lingüística que se desenvolvía desde a institución municipal nos mandatos de Francisco Vázquez e tamén desde a propia Xunta de Galicia presidida por Fraga Iribarne. Moitas desas causas están vivas e seguen golpeando á xustiza e á humanidade que non as olla: aí están as guerras como o xenocidio contra Palestina exercido desde a impunidade e á que Luísa Villalta escribiu versos de Intifada:

“E eu confeso que son débil,

que son moito máis débil que o odio

máis débil que a pobreza ante a riqueza innegociábel

máis estraña que o hábito vencido da represión

Por iso pido a paz

pido a paz e un estado popular

para o pobo pobre

débil coma min en Palestina” Poema Debilidade. Luísa Villalta

A última aparición pública de Luísa foi en Compostela nun recital de poetas galegas en solidariedade con Palestina o 26 de febreiro de 2004.

Causas máis próximas, xeograficamente, como o desastre medioambiental provocado polo Prestige ergueron a Luísa na loita pola defensa do noso medio. A poeta puxo as mans nos labores, coordinou e participou en accións... cando a Coruña se vestiu de negro naquel novembro de 2002 no que o petroleiro Prestige tinguíu de negro o noso mar. Alí estaba Luísa fronte ao mar da Coruña abandeirando a marea solidaria e poñendo palabras e tinta á indigna actuación das autoridades fronte á corrente xigantesca de solidariedade cidadá....

Foron 200.000 persoas as que percorrían o 9 de febreiro de 2003 as rúas da cidade da Coruña. A das maletas xerou unha imaxe icónica nas manifestacións de NUNCA MÁIS, como lembra Ana Romaní. Numerosas manifestacións e mobilizacións cívicas contra a xestión do afundimento do Prestige nas que tamén colaborou Luísa Villalta escribindo

artigos, participando en recitais... e confirmando que “a presente histamina primaveral contra un poder abusón non dá para unha revolución. Pero aí está tamén para que serven os libros, para levar as contas pendentes, para poñer ao ar as feridas” dinos dende a súa columna de *A Nosa Terra* lembrando a Avilés de Taramancos.



Sobre a indignación colectiva que mobiliza o país co afundimento do Prestige reflexiona: “e en certo modo é ben triste que estexamos todos de acordo en sentirmos iguais, irmáns, paralelos equivalentes e colaboradores pola negativa, nós que nunca tivemos unha mesma idea común, compartida e activa da dignidade que agora sentimos ferida”.

Luísa fixo versos para o Indíxena da Civilización o alemán de Camelle “que só falaba na lingua dos ollos”:

“Até que o corpo e o veneno derramado
polo vaso roto da ambición civilizada
fixeron causa común
vestíndolle de negro a alma “

Do poema Indíxena da Civilización dedicado a Man, vítima da traxedia do Prestige.

Alí estaba Luísa arrimando ideas, traballo, palabras “Palabras, sempre as divinas palabras, absolutas, puras, sensuais, libidinosas, como estrelas nun espazo que tería de ir medindo, constelacións e conxuncións” (*Silencio, ensaiamos*).

É abrirse ao concreto, ao real, porque “o viver sempre atende á volta da esquina” para “sermos libres/na **cidade á que non renunciemos**”. No país ao que non renunciemos.

6. O Papagaio

“Érgome dragón”

“O Papagaio mudo, caído entre as flores das meias verdades
tinxía de cores charramangueiras
os dous lados do simulacro”.

No *Papagaio* (2006) a Cidade faise derrota fronte á especulación. O libro comeza cun fragmento da pastorela do rei don Dinis que dá o nome ás 3 partes que o forman: Per amores, Tam em vão, e a última E caeu....

“Ela traia na mão /um papagai mui fremoso/cantando mui saboroso/ca entrava o verão;/e diss:”amigo loução,/ que faría per amores,/pois m’errastes tão em vão?/ E caeu antr’uas flores” (S. XIV)

Os poemas de Luísa e as fotos de Maribel Longueira denuncian a explotación da muller-cidade, dos corpos das mulleres-boneca e dos espazos que destrúe a cobiza á beira de nós. A amorabilidade ao servizo do poder.



En marzo de 2001 a ollada de Maribel Longueira testemuña coa súa cámara como “máquinas con dentes de ferro” traban casas e edificios, morden ventás con almanaques de ilusións feridas, e arrancan sabas colgadas a secar no vento da “vergoña”, condenando un pedazo de cidade (o barrio ardera oportunamente) ao esquecemento e á aniquilación, borrando os cimentos mesmos da súa existencia. Esgazaron anacos de vida e de historia cunha violencia xa cotiá no barrio das mulleres que mudan o nome de guerra cada vez que se erguen da cama “para non repetir a

muller vencida e esquecida” que son. Aturan moito, mesmo que lles levanten a man, pero non toleran o desprezo de non ser vistas

“porque puta é tan só un estourido final que acaba axiña...
unha alma que se estira dolorosamente para facer son
e esperta brutalmente no meio da anestesia da vida”

Maribel, cunha colleita de fotos espectacular, pensa en facer un libro cos versos de varias autoras. Mostra as fotos a Luísa, que leva algunhas para comezar a traballar e, en moi pouco tempo, regresa cos poemas. O libro está feito.

Os versos de Luísa e as fotos de Maribel ascenden os chanzos dos derrubes até anacos de interior abertos en canal, restos de paredes con papel pintado e fotografías cravadas con chinchetas de silencios. O barrio oculto para a “decencia burguesa” encerraba mulleres nos límites de corpos violados unha e outra vez ás beiras dunha sociedade hipócrita e patriarcal salvagardada na compravenda de principios, valores e dignidade.

Os versos xurdiron a cachón diante de imaxes que adiviñan músicas sinxelas entre silencios perfumados con augardente, unto, bágoas e amizade entre escravas.

Destas imaxes e poemas nace un libro valente, feminista, acusador da especulación urbanística que coloca en primeiro plano o sabido e agochado. Un libro que olla a prostitución sen falsidade, que denuncia as cicatrices da pel e das almas destas mulleres-bonecas, mulleres-cidade, carne condenada e derrubada e, ao mesmo tempo, denuncia o desvaleamento dos cidadáns ante os poderes económicos e institucionais submisos ao capitalismo máis salvaxe.

Poemas que dan luz á nudez do oculto, que non se suxeitan en paredes nin trabes porque están armados para facer tremer a comodidade, a ruindade, a complicidade, “Os cartos non poden cos réditos/ da traizón e da vinganza”.

É a palabra precisa, a música que tronza en ruídos estarrecedores un barrio que non oculta, desaparecendo, a miseria moral de quen (non) o olla.

“A destrución sempre estivo en marcha
desde a mesma orixe da treboada inicial
que nada deixa reter nas mans

por máis que fagan, que constrúan

que acumulen”

Necesario libro para completar a xeografía das marxes cando “Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade” pola encosta de Panadeiras.

En Concreto e Papagaio son moito máis que libros, son carne e memoria, a dor das perdas e a certeza e necesidade da loita cidadá, a miseria, a renuncia, os abortos, a droga que tamén se fai dona no barrio... e tamén a militancia, a denuncia, o valor das que se enfrontan a todo por defender a cidade que é de todas.

Francisco Fernández Naval escribiu no prólogo do *Papagaio*: “trinta e dous metros de perforación e de avaricia, nunha superficie de cinco mil douscentos metros sobre a lenda da casiterita. Trinta e dous metros, vertical constancia da especulación, burato da desmemoria e do inferno. Non é doado escapar á realidade da profanación, o sobresalto da dinamita, ó ruído constante, á crispación irremediable.”

E Luísa afronta o reto de poñerlle palabras, de narrar a desfeita non só do barrio senón das vidas... escribe con valor, co compromiso de “ser a voz das que non teñen voz, a dignidade que ou é radical ou non é, a humanidade, (....) mentres na rúa a avaricia medraba enredando nas olladas e saúdos veciñais, e a ambición, esa indiferenza insolidaria, penetraba no cotián, contaminando as relacións, envelenando o aire.”

Luísa responde con versos de ferro ao reto de Maribel que “tirara fotografías tratando de apreixar o último alento das escaleiras que non levaban a ningures, dos cervos que agonizaban nas paredes do esquecemento, das fontes que nunca auga deran, dos brillos desgonzados, das fiestras de conversas e tendedeiro, da palmeira sen froitos e sen sombra..... e logo chegaron as máquinas.....”

A Cidade reducida á especulación, á cobiza inmobiliaria, varrida polo esquecemento... debería ser colonizada polos ventos que entrasen pola porta de Ares e lle deran rumbo novo ás obsesións... quizais erguérmonos dragóns e saber que nós somos os nomes, o sangue, quizais as derrotas, pero nunca a inxustiza, nin a indiferenza, nin a avaricia envolta en cascotes de derrube de tantas e tantas especulacións.

7.- Parque de Marte (Rúa Adelaida Muro: O Asilo)

A poeta vai “planificando guerras”, participacións activistas, militancias transformadoras, en noites de baile vixiadas polo ollo insomne do Faro “supremo protector da anguriada alegría”, “no sesgo do pouso pausado da sombra”. Un eu mergullado na cidade e cos outros: “non me compoño de partes senón de todos.../ e eu son a propia túnica que me veste/ e o camiño que se adentra na cidade”.

“Estala en min a Cidade espellada en tantos puntos

como fulgor de ollos que se acenden mutuamente

na evanescencia dun todo incomprensíbel.”

entre monstros e “espellos vougos que pretenden avisarme de quen non sou eu” a iniciación, os ollos libres, os ollos da chave e os ollos das portas “cegas de esperar a iniciación sinxela e orgullosa/da liberdade de ser” na Cidade á que non se renuncia.

O libro enteiro do *Papagaio*, o poema Asilo e o da Torre de Ánimas de *En concreto* son a reivindicación de lugares que morreron afogados na especulación que non coñece estratexias máis aló do reino do capital.

O Asilo en 2001 desaparecía mergullado na nada baixo as rabuñaduras das escavadoras da especulación. Un edificio de 1888, con galerías ao solpor, levantado filantropicamente, por Juan de Ciorraga, que tamén fixo o primeiro Ensanche da Coruña e a quen se lle atribúe a introdución das galerías na Coruña. Ao pé mesmo do Asilo, na fonte de San Amaro había un río de lavar de cantería e unha fonte que votaba auga fría no verán e quente no inverno. Unha axuda natural para as lavandeiras.

ÉRASE UNHA VEZ O ASILO ADELAIDA MURO



A residencia de anciáns Adela Muro foi derrubada para construír pisos de luxo. O concello propiciou un cambio urbanístico para permitir (ou “participar”) nese pelotazo que pecha as vistas da enseada do Orzán.

A asociación de veciños de Monte Alto e os habitantes do barrio lembran xunto ao edificio da Cruz Vermella no vértice inferior do Campo de Marte que houbo unha residencia de maiores, o Asilo das irmanciñas dos Anciáns Desamparados da rúa Adela Muro.

Era 2001, e o goberno municipal de Francisco Vázquez con Salvador Fernández Moreda en Urbanismo aprobou en comisión municipal o derribo do asilo. Fronte á demolición posicionouse boa parte da sociedade (máis de 10.000 sinaturas, concentracións, marchas polas rúas...). Creouse unha Comisión en defensa do Asilo, e a maioría dos arquitectos da Cidade mostraron o seu rexeitamento ao derrube. Tamén os arquitectos da cidade foron desouvidos na súa desaprobación do derrube e o BNG... e a sociedade civil deu a cara. As veciñas e veciños fixeron unha noite de velorio con candeas acesas polo asilo que finaba diante do inevitable.

O concello, en 1998, aprobara o Plan Xeral e retirara a protección ao edificio catalogado. En 2001, despois de 2 anos dando pasos para preparar o camiño, dera vía libre, e o 14 de setembro de 2001 a maquinaria comezou a demolición. E comezou polo máis salientable do asilo: as galerías da parte posterior, emblemáticas por ser as máis longas da cidade.

Así se constrúen as cidades máis “novas” dentro das cidades, superpoñendo demolicións (unhas máis necesarias que outras, pero tamén unhas deixando máis beneficios aos especuladores que outras...) amasando fortunas coa argamasa da avaricia e a indignidade, coa complicidade institucional e o cal da hipocrisía.

O profesor da escola de Arquitectura coruñesa Xosé Lois Martínez aseguraba que o asilo era unha das escasas mostras arquitectónicas que había en Galiza da tipoloxía da **arquitectura asistencial**. A única na Coruña. Juan de Cíórraga comezou en 1888 o proxecto que deseñara desinteresadamente para un asilo municipal. A construción facíase con fondos deixados por Adelaida Muro para tal fin. Este tipo de obra caracterizábase pola ventilación e iluminación segundo marcaban as correntes hixienistas europeas. A galería era unha estratexia de salubridade.

Seguíanse experiencias anglosaxoas e norteamericanas con estruturas en U ou H para que todos os espazos se beneficiasen da luz natural. Daban unha sección de proporción alongada que favorecía a ventilación natural cruzada e colocaban o edificio como peza exenta no medio dunha parcela grande. Isto servía como espazo produtivo, de ocio e para crear ambientes sans e limpos.

Cíórraga proxecta o edificio combinando o soporte cunha lixeira inclinación do terreo cara o mar e unha orientación favorable ás mellores condicións hixiénicas.

A linguaxe arquitectónica mestura o clasicismo tradicionalista marcial coa vangarda modernista do momento. Finalmente a estrutura é moi sinxela: espazos amplos e hixiénicos e lugares confortables e austeros.

Co paso do tempo quedou integrado no barrio que se foi desenvolvendo en torno a el de maneira totalmente orgánica. Estudantes de arquitectura chegaron a presentar

unha alternativa de rehabilitación factible para conservalo e manter o uso asistencial. NADA foi considerado.

Cando se derrubou en 2001, no medio da polémica, o Asilo era unha das institucións máis queridas da cidade. De conservarse sería obxecto de estudo de escolas de arquitectura e poñería en valor outra forma de ser CIDADE.

Quince anos despois de que o concello tramitase a súa desaparición o 65% dos 149 pisos construídos estaba baleiro. E aínda hoxe moitos pisos están baleiros.

Foi amoral, mesmo cualificar como equipamento un chan que non o era para levar aos anciáns ao outro lado da cidade como indicou Mario López Rico, arquitecto e concelleiro do BNG no momento.

“Cando unha cidade prescinde dun equipamento histórico, dos poucos que había en Monte Alto, ao que plans “desarrollistas” de décadas anteriores lle mantiveran a protección, esa cidade empobrece. O asilo era unha obra culta, construída por un arquitecto importante para un fin social. O edificio estaba mal pero non en tan mal estado que aconsellase non rehabilitalo. O testemuño dunha época, finais do século XIX, quedou arrasado para construír pisos innecesarios. Só por encher os petos dalgúns”. Estas son opinións de Fernando Agrasar, arquitecto, exdirector da Escola Técnica Superior de Arquitectura.



Protesta cidadá setembro 2001



Foto do espazo do Asilo unha vez derrubado este.



Edificio de luxo que substituíu o Asilo e taponou a vista do mar.

Nin sequera a grande contestación popular logrou parar a operación especulativa inmobiliaria á beira da Praia que apantallou parte de Monte Alto. Alí estivo Luísa cos cidadáns que trataron de parar o derrube do edificio. ORZAREMOS PROA A NÓS, deixounos dito Luísa Villalta.

8. San Amaro.

“Nos cóbados das varandas cara o alén

loce a noite un outro mundo

que sabemos adherido ao que aquí se decida”.

O punto 8 está situado no Cemiterio de San Amaro: un nome que se repite pola cidade como levado polos ventos: na praia do seu nome, na fonte do asilo, no cemiterio... e lembra ao home bo que chegou á illa da sabedoría.

A morte e a cidade dos mortos tamén están no *En concreto*, coma cemento que amalgama a construción da vida dos vivos.

A Cidade dos mortos, reverso da dos vivos, entrecrúzase con ela constantemente pola necesidade dos vivos de escoitar a voz dos mortos e de ver os seus corpos espectrais deambular por un mundo paralelo.

Porque a tribo precisa da memoria para non se disolver e establece vínculos constantes coa “Cidade máis profunda, a do alén de nós” “mentres o vento, por detrás, agatuña a canseira camiño do cemiterio”. Ese mesmo camiño que xa andaron os tolos “que xa foron indo pola Beiramar de Pelamios até o cemiterio”. A morte, que chegou a Visma nun Portiño que delatou aos que escapaban dela, que andou pola Rata nos disparos que rompen a serea e a ruidosa tranquilidade da vida, e chegou ás Ánimas coa auga afogando as ilusións da última fuxida e os anxeios de homes de mar.

A Cidade de Luísa, cara oculta da cidade brillante da oficialidade, ábrese á memoria dos mortos e tamén a todos os grupos de habitantes que non están na postal e ela conta con todos eles: “Aí están/estamos todos os desposuídos, derrotadas..... e están tamén os “foráneos”: negros, coreanos, senegaleses, colombianas, cubanas e brasileiras en sororidade e os tolos que son e que xa foron pola Beiramar dos Pelamios cara San Amaro: o coxo Novoa, Narciso Correal, Sobaco Ilustrado, a Confraría Poética do Amañecer, o Andareiro, as dúas Marías e a Meniña das Trenzas, bailan coas sombras na madrugada “procurando o alén ansioso de cada paso perdido”.

E sitúanos ao pé deles:

“Así somos nós/ como nós son os tolos/ os únicos que o vento respecta cando vén cambiante do sul” .

A poeta só pode construír a súa morada “no reverso das rúas” para facer unha casa-rúa que sexa un camiño no que teñan cabida todos Os Outros das marxas.

San Amaro, a cidade dos mortos, que vive na cidade dos vivos. O destino final, a estación término. O san Amaro que olla ao mar leva tatuada a pétrea pel do mar até o alén.

“Isto non soña a súa invención

nen sequer é o soño real que ninguén inventase

Isto é o tremor de trades nos dedos

no empeño de construír a miña morada no reverso das rúas a sesgo do pouso
pausado da sombra

sobre un río de signos na memoria do asfalto” *En Concreto*

Punto 9. A Torre.

No punto penúltimo deste roteiro está a Torre, o faro. O poema caligrama Torre–Reto, que nos coloca ante un ollo que vixía a cidade e que se ergue como o poema camiñando cara o alto. A torre é unha presenza noutras partes do libro e está aberta á noite e ás súas estampas, pero tamén é a porta á vida mítica de tempos antigos e a historia máis antiga do asentamento poboacional que logo deviu en Cidade e en sinal identitario da mesma.

“Fago unha parada

na illa do estaño

para poñer os pés

sen lugar

camiñando cara o alto.”

Villalta coloca no *Papagaio* e en *En concreto* unha inmersión da poeta na vida e no devir da Cidade e dos cidadáns que a habitan e nos problemas que os/nos afectan. Forma parte e iso reflíctese na forma e nos temas abordados: “Por suposto, nalgures permanecen os temas. Pero os temas son moi poucos. A vida e a morte. Talvez só a vida (ou só a morte). Sexan os que foren, nas súas infinitas variacións poden encontrarse nas enciclopedias, nos libros de Historia ou (e non é raro) de Teoría Matemática, na información diaria que nos fai deglutir a realidade, en cada ocasión en que se ten a certeza de estar vivendo”. Luísa Villalta: “Sobre un certo estado de conciencia”.

Punto 10: A Rosa dos Ventos

Remata o roteiro na **Rosa dos Ventos**, acompañando este punto tres poemas, cada un deles cun nome dos ventos que fan e desfán a Cidade: Norte, Este e Oeste, que veñen da man dos ventos: bóreas, euro e céfiro e dos refráns que os definen: “Norte escuro, vento seguro”, “ao vento soán, nen a man”(euro) e “vente ventiño mareiro, vente noso compañeiro” (céfiro). Os ventos definen esta cidade coma a orografía do terreo, as arquitecturas, as xentes, o mar e mesmo as nubes.

E sempre o vento, o mozo vento que trae cartas de América e tamén o pequeno “ que rechea os baleiros do tempo”, ventos rexos e ventos suaves que non se deteñen nunca

“rodeando este ponto do mundo”

“Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido”, a divisa brasonada que se le no Palacio Municipal que, por dúas veces, aparece ante nós incompleta, buscando a complicidade curiosa do lector que a completará participando dalgún xeito na obra.

En Concreto é un canto de amor á Cidade “Nada deixa o vento e nembargantes amo/esta cidade tatuada na pétrea pel do vento” e, ao mesmo tempo, é unha visión real “do silencio belixerante/mordendo a destrución de tantos nomes”.

“O vento cheira a cadáver
a vítima diaria da harmonía universal
a apocalíptico vertedoiro
antes de sementar nas nosas almas vencidas
unha canción sen memoria”. Do poema Leste. *En concreto*.

“E ficaremos sós/ mar e silencio” afirma Luísa Villalta en *Música reservada*, con ecos de Manuel Antonio.

Luísa deixounos escrita a cidade e, ao mesmo tempo, deixóusenos escrita ela mesma:

“Esa son eu
rubindo unha e outra vez as escadas
dun mundo posíbel
separado sempre pela idade, a teima
e a vontade íntima de voar.
No alto da miña casa alta
e por cima un país de nubes.” *En concreto*, 2004.

Os poemas “Nomes” e “Cidade Alta” son unha afirmación do poder da palabra, da súa potencia memorística e da capacidade de transformar tempo e espazo en historia: “Os nomes somos nós/e cando acenden os seus rótulos atávicos/as aspas dos muíños derrubados/murmuran o farelo afirmativo do futuro”. “Cidade Alta é a afirmación da poeta como suxeito do propio poema. Ela, que se veste da Cidade, confesa “non teño outro corpo que un destino/ por min libremente imaxinado”. Soamente. Tanto.

No libro *Son de Poesía*, a cargo de Xoán Carlos Domínguez, Pilar Pallarés escribe o poema **Pensar é escuro** para Luísa Villalta e faise voz da poeta para nos dicir:

.....“Intégrovos en min, formamos parte.

Se non me vedes máis á luz do sol, ollade o sol da noite. No
seu centro ardo eu. E seino todo”.

A nós quédanos Luísa nos seus poemas, nos seus libros... no seu ir “formando parte” para tensar a pel do mundo nun tambor que (nos) esperte.

María Casar

Deseño e coordinación do roteiro Luísa Villalta.